



ASUNTO: Información sobre a propiedade intelectual¹ vinculada ao desenvolvemento de actividades educativas

Este centro directivo tivo coñecemento de que axentes de CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) está a realizar unha campaña de promoción da actividade da entidade en diversos centros docentes.

A propósito destas actuacións, considérase conveniente lembrar: por unha banda, un extracto da normativa sobre o respecto dos dereitos de propiedade intelectual no desenvolvemento de actividades educativas; e por outra, facer unha breve mención ás entidades de xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual de carácter económico (como por exemplo CEDRO).

1. En canto á normativa, indicar o seguinte:

As instrucións² que contiña a circular 14/2014 respecto da reprodución de obras audiovisuais son perfectamente extrapolables aos actos de reprodución, distribución e comunicación pública doutras obras e noutros formatos.

A modo de recordatorio, incluímos un extracto dos **apartados 1 e 3 do artigo 32³** da Lei de propiedade intelectual, en canto enumeran supostos nos que, para o profesorado en exercicio da súa función educativa, non é necesaria a autorización do autor ou editor para:

a) Incluír na obra propia fragmentos de obras alleas (escritas, sonoras ou audiovisuais) e obras illadas de carácter plástico ou fotográfico figurativo (apartado 1), sempre que:

- Se trate de obras xa divulgadas.
- Se inclúan a título de cita, análise, comentario ou xuízo crítico.
- Se usen con fins docentes e indicando a fonte e o nome do autor

b) Realizar actos de reprodución, distribución e comunicación pública de pequenos fragmentos de obras e de obras illadas de carácter plástico ou fotográfico figurativo (apartado 3), sempre que:

- Non haxa unha finalidade comercial.
- Se realicen unicamente para ilustrar as súas actividades educativas.
- Se trate de obras xa divulgadas.
- Non teñan a condición de libros de texto.
- Se inclúa o nome do autor e a fonte, agás que resultase imposible.

Así mesmo define:

- Pequeno fragmento: como extracto ou porción cuantitativamente pouco relevante sobre o conxunto da obra.

- Libro de texto: calquera publicación, impresa ou susceptible de selo, editada co fin de ser empregada como recurso ou material do profesorado ou o alumnado para facilitar o proceso do ensino e a aprendizaxe.

¹ Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia (BOE Texto consolidado. Última modificación 5 de novembro de 2015).

² Circular conxunta 14/2014, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria remitida aos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos dependentes da consellería.

³ Incluímos como anexo unha transcripción literal dos apartados 1 e 3 do artigo 32 da Lei de Propiedade Intelectual.





Esta normativa, por tanto, permite ao profesorado da educación regrada impartida en centros do sistema educativo español utilizar (mediante a inclusión en obra propia, a reprodución, distribución e comunicación pública) pequenos fragmentos de obras sen necesidade da autorización dos autores e/ou dos editores e sen ter que aboarlles ningunha remuneración, sempre que se cumpran os requisitos que establece.

2. No que se refire ás entidades de xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual⁴:

Trátase de organizacións privadas de base asociativa e natureza non lucrativa, que se dedican a xestionar os dereitos de propiedade intelectual de carácter económico dos titulares lexítimos incorporados á asociación.

Entre as funcións que realizan figuran as seguintes:

- Administrar os dereitos de propiedade intelectual do titulares; fixar unha remuneración adecuada ao tipo de explotación que se realice e percibir esta.
- No ámbito das utilización masivas, celebrar contratos xerais con asociacións de usuarios para usar o seu repertorio e fixar tarifas xerais pola utilización deste.

Actualmente, as entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual de autores autorizadas polo MEC son as seguintes⁵:

- Sociedad Xeral de Autores y Editores (SGAE)
- Centro Español de Dereitos Reprográficos (CEDRO)
- Visual, Entidade de Xestión de Artistas Plásticos (VEGAP)
- Asociación Dereitos de Autor de Medios Audiovisuais (DAMA)

En consecuencia, cando a reprodución, distribución e comunicación das obras se realice nos parámetros sinalados no artigo 32 da Lei de Propiedade Intelectual, non será necesaria autorización, nin existirá por tanto, obriga de pago de ningunha cantidade.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2016
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

⁴ Título IV do Libro III del Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia (BOE Texto consolidado. Última modificación 5 de novembro de 2015).

⁵ Para máis información (enderezos, tarifas ...) sobre estas entidades: <http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/gl/areas-cultura/propiedadintelectual/gestion-colectiva/entidades-de-gestion-colectiva.html>





ANEXO

Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.

Artigo 32. Citas e resenas e ilustración con fins educativos ou de investigación científica.

1. É lícita a inclusión nunha obra propia de fragmentos de outras alleas de natureza escrita, sonora ou audiovisual, así como a de obras illadas de carácter plástico ou fotográfico figurativo, sempre que se trate de obras xa divulgadas e a súa inclusión se realice a título de cita ou para a súa análise, comentario ou xuízo crítico. Tal utilización só poderá realizarse con fins docentes ou de investigación, na medida xustificada polo fin desa incorporación e indicando a fonte e o nome do autor da obra utilizada.

As recompilacións periódicas efectuadas en forma de resenas ou revista de prensa terán a consideración de citas. No obstante, cando se realicen recompilacións de artigos periodísticos que consistan basicamente na súa mera reprodución e dita actividade se realice con fins comerciais, o autor que non se opuxese expresamente terá dereito a percibir unha remuneración equitativa. En caso de oposición expresa do autor, dita actividade non se entenderá amparada por este límite.

...

3. O profesorado da educación regulada impartida en centros integrados no sistema educativo español e o persoal de universidades e organismos públicos de investigación nas súas funcións de investigación científica, non necesitarán autorización do autor ou editor para realizar actos de reprodución, distribución e comunicación pública de pequenos fragmentos de obras e de obras illadas de carácter plástico ou fotográfico figurativo, cando, non concorrendo unha finalidade comercial, se cumpran asemade as seguintes condicións:

a) Que tales actos se fagan unicamente para a ilustración das súas actividades educativas, tanto no ensino presencial como no ensino a distancia, ou con fins de investigación científica, e na medida xustificada pola finalidade non comercial perseguida.

b) Que se trate de obras xa divulgadas.

c) Que as obras non teñan a condición de libro de texto, manual universitario ou publicación asimilada, agás que se trate de:

1.º Actos de reprodución para a comunicación pública, incluíndo o propio acto de comunicación pública, que non supoñan a posta a disposición nin permitan o acceso dos destinatarios á obra ou fragmento. Nestes casos deberá incluírse expresamente unha localización dende a que os alumnos poidan acceder legalmente á obra protexida.

2.º Actos de distribución de copias exclusivamente entre o persoal investigador colaborador de cada proxecto específico de investigación e na medida necesaria para este proxecto.

Para estes efectos, entenderase por libro de texto, manual universitario ou publicación asimilada, calquera publicación, impresa ou susceptible de selo, editada co fin de ser empregada como recurso ou material do profesorado ou o alumnado da educación regulada para facilitar o proceso do ensino ou aprendizaxe.

d) Que se inclúan o nome do autor e a fonte, agás nos casos en que resulte imposible.

Para este efectos, entenderase por pequeno fragmento dunha obra, un extracto ou porción cuantitativamente pouco relevante sobre o conxunto desta. Os autores e editores non terán dereito a remuneración ningunha pola realización destes actos.

...”

